

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO DE OBRAS DE “MELLORA DOS CAMIÑOS DE ACCESO AO LUGARES DE ALBITE (BARBEITO) E OPA-FAXILDE (MEZONZO)

Obxecto do contrato:

Pavimentación das vías públicas previas no proxecto técnico de obras “mellora dos camiños de acceso aos lugares de Albite (Barbeito) e Opa-Faxilde (Mezonzo)”, por importe de 46.439,90 euros máis 9.751,29 euros de IVE (Total de 56.191,19 euros), aprobado pola Xunta de Goberno Local do día 09-02-2018.

Xustificación da necesidade:

É un servizo obrigatorio e mínimo esixible a todo o concello, conforme o artigo 26.1.^a) da Lei reguladora das bases de réxime local, o acceso a núcleos de poboación e pavimentación de vías públicas. Neste caso infórmase tecnicamente a existencia de deficiencias de pavimentación que fan preciso o seu arranxo.

Insuficiencia de medios propios para realizar a prestación nos contratos de servizos:

O Concello non pode realizar directamente a prestación, xa que non dispón dos medios persoais para a realización deste servizo, por este motivo considérase oportuna a contratación dunha empresa externa para cubrir os traballos descritos.

Xustificación da non división en lotes

A división en lotes tería un importante custo económico e implicaría unha maior dedicación do persoal técnico e administrativo, pola necesidade de redactar documentos técnicos independentes para cada lote que servirán de base a licitación coa seguridade xurídica necesaria para definir con exactitude o obxecto do contrato.

Aínda que algúns proxectos e pregos inclúen distintos presupostos parciais ou partes que poderían ser adxudicados por lotes, moitas veces existen partidas comúns a todas elas, como son as relativas a seguridade e saúde, a control de calidade, a xestión de residuos, e outros conceptos cuxa aplicación aos distintos lotes esixiría realizar novos cálculos nos novos documentos técnicos para a adxudicación en lotes.

Incrementaríase o número de expedientes de licitación que o concello tería que realizar, co conseguinte custo de tempo e de recursos persoais e materiais.

Xustificación da elección da fórmula proposta para os criterios de valoración aritméticos:

Conforme a fórmula matemática acordada e prevista nos pregos segundo o Departamento de matemática aplicada da Universidade de Santiago de Compostela.

Valoración sobre as repercusións de cada contrato, no cumprimento pola entidade local dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira:

O importe total do proxecto ascende a 56.191,19 euros, con unha subvención de 46.439,90 euros respecto desta obra, debendo aportar o Concello a diferenza que ascende a 9.751,29 euros.

Procedemento proposto:

Procedemento aberto simplifícadísimo, do artigo 159.6 da LCSP 9/2017 cun criterio único de prezo - motivación: Valor estimado inferior a 80.000,00 euros, o que permite a redución de trámites, acortamento de custos de persoal e económicos do Concello así como axilidade na contratación que deberá xustificarse no primeiro prazo de inversión do 50% como data límite o 15 de novembro de 2018.

O alcalde

Fernando Pérez Fernández